

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

| Código   | Centro      | Concello | Ano académico |
|----------|-------------|----------|---------------|
| 36013758 | IES Laxeiro | Lalín    | 2023/2024     |

## Área/materia/ámbito

| Ensinanza   | Nome da área/materia/ámbito     | Curso   | Sesións semanais | Sesións anuais |
|-------------|---------------------------------|---------|------------------|----------------|
| Bacharelato | Historia do mundo contemporáneo | 1º Bac. | 4                | 140            |

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

| <b>Contido</b>  | <b>Páxina</b> |
|---|---------------|
| 1. Introducción   | 3             |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias                                  | 3             |
| 3.1. Relación de unidades didácticas  | 5             |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas   | 8             |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas  | 21            |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos  | 22            |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial   | 23            |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación  | 23            |
| 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes                     | 24            |
| 6. Medidas de atención á diversidade  | 24            |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais  | 25            |
| 7.2. Actividades complementarias  | 26            |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 26            |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora                                    | 27            |
| 9. Outros apartados   | 28            |

## 1. Introducción

A materia proporcionalle ao alumnado unha visión útil e funcional da historia contemporánea, orientada a promover a observación, análise e interpretación da súa contorna real e a exercer unha cidadanía activa e implicada na vida social. O pensamento histórico, con estratexias e métodos que orientan o estudo do pasado, ponse ao servizo da comprensión do presente para afrontar así os retos que nos formula o século XXI. Porque é desde a observación do mundo actual de onde xorde a necesidade de dirixir a nosa mirada á historia, máis ou menos recente, para obter as claves, coas que entender e mellorar o mundo no que vivimos.

Os problemas e retos que nos formula a realidade globalizada que configura a nosa contorna son múltiples e ineludibles, e non é posible atendelos sen os recursos que nos ofrece a historia contemporánea, que desde hai algo máis de dous séculos trata de lle dar resposta a boa parte destes mesmos desafíos. A materia proporciona ao alumnado experiencias acumuladas polas xeracións que nos precederon, no que xunto aos grandes logros, tamén cabe atopar erros, fracasos e feitos dolorosos que é preciso afrontar para aprender a evitar situacións semellantes.

Doutra banda, a aproximación á metodoloxía histórica obriga ao alumnado ao uso rigoroso e crítico das fontes, á utilización precisa dos conceptos e a historiografía, e ao coñecemento das principais teorías e correntes académicas que foron desenvolvéndose no ámbito da historia e doutras ciencias sociais afíns. Así mesmo, a metodoloxía histórica promove o exercicio de procesos indutivos e de indagación relacionados con estratexias de utilización de documentos e probas, así como á procura e ao tratamento de información e fontes textuais, gráficas, audiovisuais, artísticas, literarias, hemerográficas e sonoras, accesibles en moitos casos grazas a plataformas dixitais.

O alumnado debe adquirir o exercicio do pensamento crítico, fundamentado e razoado, do mesmo xeito que a transferencia de información e do coñecemento elaborado, que ademais de supoñer o uso avanzado de medios dixitais implica tamén o desenvolvemento de estratexias comunicativas eficaces.

Trátanse na materia de Historia do Mundo Contemporáneo os temas e acontecementos fundamentais que marcaron o transcurso da historia contemporánea ata o mundo actual, así como os retos que é necesario afrontar no presente para encarar o século XXI.

Precisamente os retos do mundo actual incide na necesidade de ver a historia como un instrumento non só para a análise do presente, senón tamén para a adopción de compromisos ante os retos do século XXI.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos  | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC    | CE | CCEC |
|---|-----|----|------|----|-------|-------|----|------|
| OBX1 - Recoñecer os movementos, accións e transformacións históricas que contribuíron ao afianzamento da liberdade no mundo contemporáneo, a través do estudo comparado de casos e o uso correcto de termos e conceptos históricos, para valorar os logros que supoñen os sistemas democráticos como principal garantía para a convivencia e o exercicio dos dereitos fundamentais. | 2   | 1  | 2    |    | 11    | 1-2-3 | 1  |      |

| <b>Obxectivos</b>   | <b>CCL</b> | <b>CP</b> | <b>STEM</b> | <b>CD</b> | <b>CPSAA</b> | <b>CC</b> | <b>CE</b> | <b>CCEC</b> |
|---|------------|-----------|-------------|-----------|--------------|-----------|-----------|-------------|
| OBX2 - Tomar conciencia do grao de violencia, barbarie e destrución alcanzado polos conflitos da Idade Contemporánea, a través do emprego de fontes históricas fiables, a lectura de textos historiográficos e a elaboración de argumentos propios que preveñan a manipulación da información, para afrontar acontecementos traumáticos do noso pasado recente, evitar a repetición de feitos semellantes, recoñecer as vítimas e defender a aplicación do principio de xustiza universal.                            | 1-5        | 1         |             |           | 11-31-40     | 1-2-3     |           |             |
| OBX3 - Identificar a desigualdade como un dos principais problemas das sociedades contemporáneas, recoñecendo as experiencias históricas de determinados colectivos, empregando a análise multicausal e valorando o papel transformador do suxeito na historia, para comprender como se formaron as actuais sociedades complexas, apreciar a riqueza da diversidade social, valorar os logros alcanzados e asumir os retos que formula a consecución de comunidades máis xustas e cohesionadas.                       | 3          |           | 1           | 5         | 12-31-40     | 2-3       |           |             |
| OBX4 - Comprender a importancia das identidades colectivas na configuración social, política e cultural do mundo contemporáneo, utilizando o pensamento histórico, os seus conceptos e métodos, para analizar criticamente como se foron construíndo e conformando a través do tempo, elaborar argumentos propios cos que contribuír a un diálogo construtivo, respectar os sentimentos de pertenza e valorar a riqueza patrimonial e o legado histórico e cultural que produciron.                                   | 3-5        |           |             |           | 12-31        | 2-3       |           | 1-2         |
| OBX5 - Identificar e recoñecer os principais retos do século XXI a través de procesos avanzados de procura, selección e tratamento da información, o contraste e a lectura crítica de fontes, para entender o fenómeno histórico da globalización, a súa repercusión no ámbito local e planetario e na vida cotiá das persoas, e mostrar a necesidade de adoptar compromisos ecosociais para afrontar os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible.  | 3          |           | 5           | 1         | 20-40        | 3-4       | 1         |             |
| OBX6 - Valorar o significado histórico da idea de progreso e as súas repercusións sociais, ambientais e territoriais no mundo contemporáneo, a través do uso de métodos cuantitativos e da análise multifactorial do desenvolvemento económico, os ritmos de crecemento e a existencia de distintos modelos e sistemas, para tomar conciencia das relacións de subordinación e dependencia, e adoptar un compromiso activo coa sostibilidade, a defensa dos dereitos sociais e o acceso universal a recursos básicos. |            |           | 4-5         |           | 20-50        | 3-4       | 1-2       |             |

| Obxectivos  | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA    | CC  | CE | CCEC |
|---|-----|----|------|----|----------|-----|----|------|
| OBX7 - Interpretar a función que desempeñaron o pensamento e as ideoloxías na transformación da realidade desde as orixes da Idade Contemporánea ata a actualidade, a través da aproximación á historiografía e aos debates sobre temas clave da historia, para valorar criticamente os distintos proxectos sociais, políticos e culturais xerados, as accións levadas a cabo e as experiencias vividas, desde a perspectiva ética contida na Declaración Universal dos Dereitos Humanos.                   | 3-5 |    |      | 3  | 12-31-40 | 2-3 |    |      |
| OBX8 - Describir e analizar os cambios e permanencias que se produciron na sociedade contemporánea, os comportamentos demográficos, os modos de vida e o ciclo vital, prestando especial interese á situación da muller, aos roles de xénero e idade, aos mecanismos de control, dominio e submisión e á loita pola dignidade e contra a discriminación, realizando proxectos de investigación e aplicando o pensamento histórico para recoñecer o valor e importancia dos personaxes anónimos da historia. | 5   |    | 3    | 2  | 12-31-40 | 2-3 |    |      |

#### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título                            | Descrición  | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|-----------------------------------|---|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 1  | A Revolución francesa e o Imperio | Abordarase a crise do Antigo Réxime e os inicios do parlamentarismo con exemplos en Inglaterra e Estados Unidos. O inicio da contemporaneidade a través do estudio da Revolución francesa e o Imperio. Arte Rococó e arte neoclásico.   | 8              | 11         | X        |          |          |
| 2  | A nova era industrial             | Nesta unidade explicarase a importancia da Revolución agrícola e o crecemento demográfico. Analizarase a importancia dunha nova fonte de enerxía como o vapor. Abordaranse as novas industrias e explicaranse novas correntes como o Liberalismo económico e o capitalismo. Arquitectura e escultura na segunda metade do século XIX. | 6              | 11         | X        |          |          |
| 3  | Os novos movementos sociais       | Nesta unidade analizaremos a nova sociedade industrial. O crecemento das cidades, consecuencia da nova era  | 7              | 10         | X        |          |          |

| UD | Título                                       | Descrición  | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|--|---|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 3  | Os novos movementos sociais                  | industrial. Valoraremos o papel da muller dentro da sociedade traballadora do século XIX. Abordaremos as primeiras organizacións obreiras coas súas propostas revolucionarias. A consolidación dos partidos e sindicatos e explicaremos o primeiro feminismo e o proceso de conquista do dereito ao voto.   | 7              | 10         | X        |          |          |
| 4  | Liberalismo e nacionalismo                   | Nesta unidade falaremos dos ciclos revolucionarios de 1830 e 1848. Das unificacións de Italia e de Alemaña e o surximento dos novos estados liberais. Analizaremos os vellos imperios: ruso, austro-húngaro e otomano e finalizaremos falando de dous estados extraeuropeos: os EUA e Xapón. Para finalizar abordaremos o estilo artístico do Romanticismo.                             | 8              | 11         | X        |          |          |
| 5  | Segunda revolución industrial e colonialismo | Nesta unidade seguiremos analizando o crecemento industrial e o desenvolvemento urbano causa e consecuencia da segunda revolución industrial. Falaremos das causas do Imperialismo e das súas consecuencias territoriais. Analizaremos os cambios producidos entre 1870 e 1914. A pintura na segunda metade do século XIX.  | 5              | 10         | X        |          |          |
| 6  | A Gran Guerra, un conflito inevitable?       | Nesta unidade abordaremos e analizaremos as causas da Primeira Guerra Mundial e o seu desenvolvemento. Estudiaremos a Rusia tsarista e explicaremos as revolucións rusas de 1917, pasando pola guerra civil hasta chegar á creación da URSS. Finalizaremos analizando as consecuencias da Primeira Guerra Mundial. As vanguardias artísticas na primeira metade do século XX.           | 9              | 11         |          | X        |          |
| 7  | O mundo despois da Primeira Guerra Mundial   | Nesta unidade falaremos dos felices anos vinte. Empezaremos abordando os duros anos de posguerra, pasando do pesimismo á esperanza. Analizaremos a irrupción da sociedade de masas e a realidade final da crise de 1929 coas súas consecuencias explicando a Gran Depresión e unha posible solución a través do New Deal. A arquitectura e a escultura na primeira metade do século XX. | 6              | 8          |          | X        |          |
| 8  | O auge dos totalitarismos                    | Nesta unidade analizaremos os ascenso dos totalitarismos e o retroceso das democracias en Europa. Estudiaremos a Stalin e o totalitarismo soviético, ao fascismo italiano e o proceso de nazificación de Alemaña. Facendo unha mención á Guerra Civil Española, a súa internacionalización e o exilio republicano español.  | 7              | 8          |          | X        |          |

| UD | Título                            | Descrición   | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|-----------------------------------|--|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 9  | A Segunda Guerra Mundial          | Nesta unidade desenvolveremos e analizaremos as causas da guerra. A ofensiva nazi e o dominio europeo nazi. Abordaremos o avance e a vitoria dos aliados para finalizar co análise das consecuencias da guerra. Arquitectura e escultura na segunda metade do século XX.   | 8              | 8          |          | X        |          |
| 10 | A división do mundo en bloques    | Nesta unidade explicaremos o concepto de Guerra Fría e os seus inicios. Analizaremos a incursión dun novo protagonista como China. Coñeceremos as numerosas guerras durante a Guerra Fría. Analizaremos a polarización entre sociedades capitalistas e sociedades comunistas. Abordaremos o auxe e a crise da Guerra Fría e finalmente a caída do bloque soviético e a fin da Guerra Fría. A pintura na segunda metade do século XX. | 9              | 10         |          | X        |          |
| 11 | Descolonización e neocolonialismo | Nesta unidade explicaremos as causas da descolonización. Desenvolveremos as primeiras independencias en Asia. Analizaremos a Conferencia de Bandung e que significa o non aliñamento. Abordaremos a descolonización de África. Finalizaremos analizando en conxunto a Independencia e as súas consecuencias plasmadas no neocolonialismo. Manifestacións artísticas da segunda metade do século XX.                                  | 8              | 11         |          |          | X        |
| 12 | A construción da Unión Europea    | Nesta unidade analizaremos os antecedentes do proxecto europeo, todo o proceso de construción da Unión Europea, o seu funcionamento. Estudiaremos os desafíos globais aos que se enfrenta a Unión Europea.   | 5              | 11         |          |          | X        |
| 13 | Xeopolítica no mundo              | Nesta unidade analizaremos aos Estados Unidos, como primeira potencia mundial. Abordaremos o seu cuestionamento ante China, como novo líder mundial. Estudiaremos a Rusia analizando os conflitos post-soviéticos. Falaremos da zona Indo-Pacífico e explicaremos o concepto de xeopolítica para o desenvolvemento a través de dous exemplos como América e África.  | 9              | 10         |          |          | X        |
| 14 | Os retos do mundo actual          | Nesta unidade explicaremos o ecosistema tecnolóxico, a través da análise dun novo contexto socioeconómico. Explicaremos o concepto de A aldea global. Analizaremos a Axenda 2030. Falaremos do Posmodernismo e das ideoloxías alternativas e para finalizar abordaremos a inestable situación do planeta. Arte e as novas tecnoloxías.   | 5              | 10         |          |          | X        |

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD                      | Duración |
|----|-----------------------------------|----------|
| 1  | A Revolución francesa e o Imperio | 11       |

| Craterios de avaliación   | Mínimos de consecución  | IA | %  |
|---|---|----|----|
| CA1.1 - Identificar e recoñecer os logros que supoñen os actuais sistemas democráticos como o resultado non lineal no tempo dos movementos e accións que contribuíron ao afianzamento e articulación do principio de liberdade, a través da análise dos principais procesos históricos que se desenvolveron, a comprensión dos textos políticos e constitucionais fundamentais e o uso adecuado de termos e conceptos históricos. | É capaz de entender por que a Revolución francesa considerase o inicio da era contemporánea. Distingue e entende os inicios do parlamentarismo.   | PE | 80 |
| CA1.2 - Comprender os conceptos de revolución e cambio no mundo contemporáneo e os elementos e factores que os causan e condicionan, a través do estudo de casos significativos das revolucións burguesas e socialistas que ocorreron ao longo da historia contemporánea, así como dos movementos de acción e reacción que xeraron.   | Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente demostrando que sabe identificar o proceso de cambio e revolución representado pola revolución francesa.   |    |    |
| CA1.3 - Analizar criticamente como se foron construíndo no tempo as identidades colectivas, empregando os conceptos e métodos do pensamento histórico, respectando a pluralidade e os sentimentos identitarios e valorando o legado histórico e cultural destas.  | É capaz de comprender e explicar as diferentes etapas da Revolución francesa, cos seus correspondentes protagonistas.   |    |    |
| CA1.4 - Abordar criticamente os principais temas clave da historia e da actualidade, a través da aproximación ás principais correntes historiográficas e aos usos que se fan da historia, valorando criticamente os principais proxectos sociais, políticos e culturais que tiveron lugar na historia contemporánea desde a perspectiva ética contida na Declaración Universal dos Dereitos Humanos.                              | É capaz de traballar con diferentes documentos e fontes históricas e de producir traballos de investigación histórica sobre a caída do Antigo réxime e o advenimiento dos ciclos revolucionarios. | TI | 20 |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos   |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- O traballo do historiador: fontes históricas, historiografía e narrativas do pasado. Argumentación histórica. Relevancia, causas e consecuencias, cambio e continuidade. Perspectiva histórica nas narrativas sobre o pasado.</li> <li>- A loita pola liberdade: cambio e revolución na época contemporánea: Revolución Francesa e revolucións europeas de 1830 e 1848. O uso da violencia e da protesta social nos séculos XIX e XX. Revolución e reacción.</li> <li>- A nova sociedade liberal: orixe e funcionamento dos sistemas parlamentarios.</li> </ul> |



| UD | Título da UD          | Duración |
|----|-----------------------|----------|
| 2  | A nova era industrial | 11       |

| Cráterios de avaliación  | Mínimos de consecución  | IA | %   |
|--|---|----|-----|
| CA3.1 - Analizar as condicións de vida, o mundo do traballo e as relacións laborais e a súa conflitividade a través do estudo multidisciplinario dos movementos sociais, particularmente os relacionados co obrerismo, valorando o papel que representan a acción colectiva e do suxeito na historia para o recoñecemento dos dereitos sociais e o benestar colectivo.   | É capaz de analizar e entender as condicións de vida na nova sociedade industrial, a súa conflitividade en relación co obrerismo. Realiza proxectos sobre a historia do movemento obreiro.              |    |     |
| CA3.5 - Comparar os distintos sistemas económicos que se desenvolveron no mundo contemporáneo, a través da súa análise multidisciplinaria e das doutrinas e teorías das que derivan, identificando as relacións de subordinación e de dependencia e os conflitos que xeran, tanto no ámbito nacional como internacional, e xustificando a necesidade do acceso universal aos recursos básicos.   | Contesta á proba escrita cun nivel suficiente e satisfactorio sobre os ciclos económicos e a súa relación social, política e ambiental. Sabe diferenciar entre o liberalismo económico e o capitalismo. | PE | 100 |
| CA3.6 - Analizar os cambios e permanencias na historia, atendendo a procesos de máis longa duración, como os comportamentos demográficos, ciclos vitais e modos de vida na sociedade contemporánea, a través do achegamento ao pensamento histórico e a realización de proxectos de investigación, identificando os mecanismos de control, dominio e submisión, os roles de xénero e idade asignados, así como os escenarios de loita pola dignidade e contra a discriminación de diversos colectivos. | É capaz de realizar proxectos de investigación sobre a evolución da poboación, entende os diferentes ciclos demográficos e exerce empatía hacia os grupos marxidados dunha sociedade.                   |    |     |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos   |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Ritmos e modelos de crecemento económico no mundo: as relacións de dependencia. Ciclos e crises dos sistemas económicos contemporáneos. Factores do desenvolvemento económico e as súas implicacións sociais, políticas e ambientais: da revolución industrial á era postindustrial.</li> <li>- Evolución da poboación, ciclos demográficos e modos de vida. Cambios e permanencias nos ciclos vitais e na organización social do mundo contemporáneo. Grupos vulnerables e marxidados. O papel do suxeito colectivo na historia contemporánea.</li> <li>- Desenvolvemento económico e sostibilidade: da idea do progreso ilimitado do liberalismo clásico aos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible.</li> </ul> |

| UD | Título da UD                | Duración |
|----|-----------------------------|----------|
| 3  | Os novos movementos sociais | 10       |

| Criterios de avaliación   | Mínimos de consecución   | IA | %  |
|---|--|----|----|
| CA1.3 - Analizar criticamente como se foron construíndo no tempo as identidades colectivas, empregando os conceptos e métodos do pensamento histórico, respectando a pluralidade e os sentimentos identitarios e valorando o legado histórico e cultural destas.  | É capaz de traballar con documentos históricos empregando conceptos e distintos métodos sobre a evolución das organizacións obreiras e do feminismo, as propostas revolucionarias e a súa consolidación. | PE | 70 |
| CA1.4 - Abordar criticamente os principais temas clave da historia e da actualidade, a través da aproximación ás principais correntes historiográficas e aos usos que se fan da historia, valorando criticamente os principais proxectos sociais, políticos e culturais que tiveron lugar na historia contemporánea desde a perspectiva ética contida na Declaración Universal dos Dereitos Humanos.    | É capaz de entender e valorar os principais proxectos sociais, políticos e culturais como novos movementos sociais implicados na defensa dos dereitos sociais.   |    |    |
| CA2.3 - Describir a evolución dos conceptos de igualdade e de cidadanía na historia contemporánea e as súas derivacións sociais e políticas, a través da análise multicausal dos principais sistemas políticos e sociais dos séculos XIX e XX, identificando as desigualdades e a concentración do poder en determinados grupos sociais.  | Contesta á proba escrita cun nivel suficiente e satisfactorio sobre os novos movementos sociais: primeiras organizacións obreiras, consolidación de partidos e sindicatos e o 1º feminismo.              |    |    |
| CA1.5 - Contrastar o papel relegado da muller na historia contemporánea, identificando e valorando a importancia das figuras individuais e colectivas como protagonistas anónimas da historia contemporánea, así como o papel dos movementos feministas no recoñecemento dos seus dereitos e no logro da igualdade efectiva de mulleres e homes, así como a corresponsabilidade no coidado das persoas. | É capaz de realizar con rigor histórico traballos de investigación sobre as condicións de vida e traballo da muller, a conquista do dereito a voto.  | TI | 30 |
| CA3.1 - Analizar as condicións de vida, o mundo do traballo e as relacións laborais e a súa conflictividade a través do estudo multidisciplinario dos movementos sociais, particularmente os relacionados co obrerismo, valorando o papel que representan a acción colectiva e do suxeito na historia para o recoñecemento dos dereitos sociais e o benestar colectivo.                                 | É capaz de realizar con rigor histórico traballos de investigación sobre a consecución de melloras nas condicións de vida e traballo da clase traballadora.  |    |    |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos  |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- A evolución da situación da muller na sociedade contemporánea: mecanismos de dominación e submisión e cambios socioculturais. O movemento pola emancipación da muller e a loita pola igualdade: orixe e desenvolvemento dos movementos feministas.</li> <li>- Igualdade de xénero: situación da muller no mundo e actitudes fronte á discriminación e en favor da igualdade efectiva entre mulleres e homes.</li> <li>- Movementos sociais en favor da igualdade de dereitos, do recoñecemento das minorías e contra a discriminación.</li> <li>- Niveis, condicións e modos de vida nas sociedades contemporáneas: grupos, clases sociais e desigualdade social. Clases medias e estado do benestar nas sociedades avanzadas.</li> <li>- A evolución histórica da clase traballadora e das organizacións obreiras: experiencias e conflitos en defensa dos dereitos laborais e a mellora das condicións de vida.</li> </ul> |

| UD | Título da UD               | Duración |
|----|----------------------------|----------|
| 4  | Liberalismo e nacionalismo | 11       |

| Craterios de avaliación   | Mínimos de consecución  | IA | %   |
|---|---|----|-----|
| CA1.1 - Identificar e recoñecer os logros que supoñen os actuais sistemas democráticos como o resultado non lineal no tempo dos movementos e accións que contribuíron ao afianzamento e articulación do principio de liberdade, a través da análise dos principais procesos históricos que se desenvolveron, a comprensión dos textos políticos e constitucionais fundamentais e o uso adecuado de termos e conceptos históricos. | É capaz de definir e interpretar documentos históricos alleos e como se produciu o avance desde o liberalismo cara á democracia. Revolucións do XIX.  | PE | 100 |
| CA1.2 - Comprender os conceptos de revolución e cambio no mundo contemporáneo e os elementos e factores que os causan e condicionan, a través do estudo de casos significativos das revolucións burguesas e socialistas que ocorreron ao longo da historia contemporánea, así como dos movementos de acción e reacción que xeraron.   | Contesta á proba escrita cun nivel suficiente e satisfactorio sobre o ciclo revolucionario do XIX, sobre as unificacións italiana e alemana e avalía os vellos imperios ruso, austro-húngaro e otomano. |    |     |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos   |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- A loita pola liberdade: cambio e revolución na época contemporánea: Revolución Francesa e revolucións europeas de 1830 e 1848. O uso da violencia e da protesta social nos séculos XIX e XX. Revolución e reacción.</li> <li>- O significado histórico e político dos nacionalismos no mundo contemporáneo, factor de conflito e enfrontamento entre pobos e estados: da servidume á cidadanía. Abolicionismo, dereitos civís e dereitos sociais na Idade Contemporánea.</li> <li>- As utopías revolucionarias e os proxectos de transformación social: os movementos democráticos, republicanos e socialistas dos séculos XIX e XX. O papel dos exiliados políticos.</li> <li>- Conservación e difusión do patrimonio histórico: o valor patrimonial, social e cultural da memoria colectiva. Arquivos, museos e centros de divulgación e interpretación histórica.</li> </ul> |

| UD | Título da UD                                 | Duración |
|----|--|----------|
| 5  | Segunda revolución industrial e colonialismo | 10       |

| Craterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|-------------------------|------------------------|----|---|
|-------------------------|------------------------|----|---|

| Criterios de avaliación  | Mínimos de consecución   | IA | %  |
|--|--|----|----|
| CA3.4 - Valorar o significado histórico da idea de progreso e as súas múltiples consecuencias sociais, territoriais e ambientais, a través do tratamento de datos numéricos, a interpretación de gráficos e a comprensión multifactorial dos ritmos e ciclos de crecemento, argumentando a necesidade de adoptar comportamentos ecosociais que garantan a sostibilidade do planeta.  | A través dunha proba escrita avaliar e clasificar a segunda revolución industrial, as causas do imperialismo e os imperios territoriais.                                   |    |    |
| CA3.6 - Analizar os cambios e permanencias na historia, atendendo a procesos de máis longa duración, como os comportamentos demográficos, ciclos vitais e modos de vida na sociedade contemporánea, a través do achegamento ao pensamento histórico e a realización de proxectos de investigación, identificando os mecanismos de control, dominio e submisión, os roles de xénero e idade asignados, así como os escenarios de loita pola dignidade e contra a discriminación de diversos colectivos. | É capaz de comparar e contrastar o crecemento demográfico e o desenvolvemento urbano.  | PE | 80 |
| CA1.3 - Analizar criticamente como se foron construindo no tempo as identidades colectivas, empregando os conceptos e métodos do pensamento histórico, respectando a pluralidade e os sentimentos identitarios e valorando o legado histórico e cultural destas.   | É capaz de distinguir e diferenciar a través de distintas fontes que impacto ten o colonialismo do século XIX na actualidade. É capaz de debater sobre África onte e hoxe. |    |    |
| CA3.3 - Analizar criticamente como se foron construindo no tempo as identidades colectivas, empregando os conceptos e métodos do pensamento histórico, respectando a pluralidade e os sentimentos identitarios e valorando o legado histórico e cultural destas.   | É capaz de distinguir e diferenciar a través de distintas fontes que impacto ten o colonialismo do século XIX na actualidade. É capaz de debater sobre África onte e hoxe. | TI | 20 |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| <b>Contidos</b>   |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Imperios e cuestión nacional: dos movementos de liberación á descolonización.</li> <li>- Ritmos e modelos de crecemento económico no mundo: as relacións de dependencia. Ciclos e crises dos sistemas económicos contemporáneos. Factores do desenvolvemento económico e as súas implicacións sociais, políticas e ambientais: da revolución industrial á era postindustrial.</li> <li>- Evolución da poboación, ciclos demográficos e modos de vida. Cambios e permanencias nos ciclos vitais e na organización social do mundo contemporáneo. Grupos vulnerables e marxidados. O papel do suxeito colectivo na historia contemporánea.</li> <li>- O desenvolvemento tecnolóxico e dixital e os novos retos do futuro económico, social e laboral.</li> <li>- Éxodos masivos de poboación: migracións económicas, climáticas e políticas. O novo concepto de refuxiado.</li> <li>- Valoración e respecto á diversidade social, étnica e cultural: tolerancia e intolerancia na historia do mundo contemporáneo. Defensa dos dereitos das minorías.</li> </ul> |

| UD | Título da UD                           | Duración |
|----|--|----------|
| 6  | A Gran Guerra, un conflito inevitable? | 11       |

| Craterios de avaliación  | Mínimos de consecución   | IA | %   |
|--|--|----|-----|
| CA1.4 - Abordar criticamente os principais temas clave da historia e da actualidade, a través da aproximación ás principais correntes historiográficas e aos usos que se fan da historia, valorando criticamente os principais proxectos sociais, políticos e culturais que tiveron lugar na historia contemporánea desde a perspectiva ética contida na Declaración Universal dos Dereitos Humanos.   | É capaz de distinguir e analizar as guerras mundiais e os grandes conflitos internacionais a través do análise de producións históricas e tratamento de fontes historiográficas.             | PE | 100 |
| CA2.1 - Entender o significado histórico das transicións políticas e dos procesos de democratización da Idade Contemporánea como fundamento e garantía para a convivencia e o exercicio dos dereitos fundamentais, valorando as implicacións que supoñen o exercicio da cidadanía activa e o respecto ao ordenamento constitucional, e xerando xuízos propios tanto con respecto ao cumprimento de aspiracións e expectativas como ás ameazas e riscos da vida en democracia.      | Identifica o exercicio dos valores cívicos e a participación cidadá. Analiza o nacemento dos réximes democráticos e totalitarios no século XX, a través de diferentes documentos históricos. |    |     |
| CA2.2 - Tomar conciencia do grao de violencia, barbarie e destrución alcanzado polos conflitos ocorridos no mundo contemporáneo, así como das causas das conflagracións bélicas e das múltiples transformacións que se producen nos contendentes, a través do emprego de fontes históricas fiables e do uso de datos contrastados, valorando o impacto social e emocional que supón o uso da violencia e o papel das institucións internacionais que velan pola paz e a mediación. | Relaciona as causas dos conflitos ocorridos no mundo contemporáneo con as súas consecuencias sociais, políticas e ideolóxicas.   |    |     |
| CA2.3 - Describir a evolución dos conceptos de igualdade e de cidadanía na historia contemporánea e as súas derivacións sociais e políticas, a través da análise multicausal dos principais sistemas políticos e sociais dos séculos XIX e XX, identificando as desigualdades e a concentración do poder en determinados grupos sociais.   | Distingue os principais sistemas políticos democráticos e autoritarios no século XX e XXI, analiza as súas consecuencias.  |    |     |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos  |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Conciencia e memoria democrática: coñecemento dos principios e normas constitucionais, exercicio dos valores cívicos e participación cidadá. Coñecemento e respecto aos principios e normas da Declaración Universal dos Dereitos Humanos. A memoria democrática no marco do dereito internacional humanitario: verdade, xustiza, reparación e garantía de non repetición.</li> <li>- Militarización e carreira armamentística. Diplomacia da ameaza e da disuasión: acordos, alianzas e bloques. O mundo en guerra: as guerras mundiais e os grandes conflitos internacionais. A Guerra Civil española, a súa internacionalización e o exilio republicano español. O holocausto e outros xenocidios e crimes de lesa humanidade na historia contemporánea.</li> </ul> |

### Contidos

- Acción colectiva, movemento de masas e liderado político no século XX: nacemento e funcionamento dos réximes democráticos e totalitarios. Fascismo, nazismo, estalinismo e outros movementos autoritarios nos séculos XX e XXI.
- Organismos e institucións para a paz: da Sociedade de Nacións á Organización das Nacións Unidas. A inxerencia humanitaria e a xustiza universal.

| UD | Título da UD                               | Duración |
|----|--|----------|
| 7  | O mundo despois da Primeira Guerra Mundial | 8        |

| Craterios de avaliación   | Mínimos de consecución   | IA | %  |
|---|--|----|----|
| CA3.2 - Deducir a través do estudo crítico de noticias e datos estatísticos a evolución do estado social, identificando os logros e retrocesos experimentados e as medidas adoptadas polos diferentes estados contemporáneos, así como os límites e retos de futuro, desde unha perspectiva solidaria en favor dos colectivos máis vulnerables.   | É capaz de responder satisfactoriamente sobre a situación do mundo despois da primeira guerra mundial: a crise do 29.                        | PE | 60 |
| CA3.4 - Valorar o significado histórico da idea de progreso e as súas múltiples consecuencias sociais, territoriais e ambientais, a través do tratamento de datos numéricos, a interpretación de gráficos e a comprensión multifactorial dos ritmos e ciclos de crecemento, argumentando a necesidade de adoptar comportamentos ecosociais que garantan a sostibilidade do planeta.   | Analiza diferentes ritmos e modelos de crecemento, e ritmos e modelos de crise, sobre a gran depresión e a solución transitoria do New Deal. |    |    |
| CA2.1 - Entender o significado histórico das transicións políticas e dos procesos de democratización da Idade Contemporánea como fundamento e garantía para a convivencia e o exercicio dos dereitos fundamentais, valorando as implicacións que supoñen o exercicio da cidadanía activa e o respecto ao ordenamento constitucional, e xerando xuízos propios tanto con respecto ao cumprimento de aspiracións e expectativas como ás ameazas e riscos da vida en democracia. | É capaz de analizar fontes historiográficas diversas que foron realmente os felices anos vinte, causas e consecuencias.                      | TI | 40 |
| CA2.4 - Comprender a importancia das identidades colectivas na configuración social, política e cultural do mundo contemporáneo, identificando as súas múltiples valencias, mediante a análise crítica de textos históricos e historiográficos e de fontes de información actual, elaborando argumentos propios que contribúan a un diálogo construtivo respecto diso.  | Interpreta mediante unha análise crítica de textos históricos e fontes diversas e actuais a irrupción da sociedade de masas.                 |    |    |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

### Contidos

- Transicións políticas e procesos de democratización nos séculos XX e XXI. A memoria democrática.

| Contidos  |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Movements sociais en favor da igualdade de dereitos, do recoñecemento das minorías e contra a discriminación.</li> <li>- Ritmos e modelos de crecemento económico no mundo: as relacións de dependencia. Ciclos e crises dos sistemas económicos contemporáneos. Factores do desenvolvemento económico e as súas implicacións sociais, políticas e ambientais: da revolución industrial á era postindustrial.</li> <li>- Niveis, condicións e modos de vida nas sociedades contemporáneas: grupos, clases sociais e desigualdade social. Clases medias e estado do benestar nas sociedades avanzadas.</li> </ul> |

| UD | Título da UD              | Duración |
|----|---------------------------|----------|
| 8  | O auxe dos totalitarismos | 8        |

| Criterios de avaliación   | Mínimos de consecución  | IA | %  |
|---|---|----|----|
| CA2.1 - Entender o significado histórico das transicións políticas e dos procesos de democratización da Idade Contemporánea como fundamento e garantía para a convivencia e o exercicio dos dereitos fundamentais, valorando as implicacións que supoñen o exercicio da cidadanía activa e o respecto ao ordenamento constitucional, e xerando xuízos propios tanto con respecto ao cumprimento de aspiracións e expectativas como ás ameazas e riscos da vida en democracia. | É capaz de responder a valorar de modo satisfactorio e suficiente sobre o retroceso das democracias en Europa e o auxe dos totalitarismos.                              |    |    |
| CA2.3 - Describir a evolución dos conceptos de igualdade e de cidadanía na historia contemporánea e as súas derivacións sociais e políticas, a través da análise multicausal dos principais sistemas políticos e sociais dos séculos XIX e XX, identificando as desigualdades e a concentración do poder en determinados grupos sociais.  | Recoñece as diferencias entre os sistemas políticos soviético, o fascismo e o nazismo e identifica as principais características destes sistemas nas fontes históricas. | PE | 80 |
| CA2.4 - Comprender a importancia das identidades colectivas na configuración social, política e cultural do mundo contemporáneo, identificando as súas múltiples valencias, mediante a análise crítica de textos históricos e historiográficos e de fontes de información actual, elaborando argumentos propios que contribúan a un diálogo construtivo respecto diso.  | Interpreta por medio dun informe crítico sobre a represión e terror baixo o totalitarismo.  |    |    |
| CA3.3 - Analizar criticamente como se foron construindo no tempo as identidades colectivas, empregando os conceptos e métodos do pensamento histórico, respectando a pluralidade e os sentimentos identitarios e valorando o legado histórico e cultural destas.  | Debate sobre a intolerancia e tolerancia na historia do mundo contemporáneo a través de testemuñas de minorías perseguidas.   | TI | 20 |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos   |
|--|
| - Acción colectiva, movemento de masas e liderado político no século XX: nacemento e funcionamento dos réximes |

| <b>Contidos</b>   |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- democráticos e totalitarios. Fascismo, nazismo, estalinismo e outros movementos autoritarios nos séculos XX e XXI.</li> <li>- Transicións políticas e procesos de democratización nos séculos XX e XXI. A memoria democrática.</li> <li>- Identidade e sentimentos de pertenza: recoñecemento da diversidade identitaria, tolerancia e respecto ante as manifestacións ideolóxicas e culturais e recoñecemento e defensa da riqueza patrimonial.</li> <li>- Valoración e respecto á diversidade social, étnica e cultural: tolerancia e intolerancia na historia do mundo contemporáneo. Defensa dos dereitos das minorías.</li> </ul> |

| <b>UD</b> | <b>Título da UD</b>      | <b>Duración</b> |
|-----------|--------------------------|-----------------|
| 9         | A Segunda Guerra Mundial | 8               |

| <b>Criterios de avaliación</b>   | <b>Mínimos de consecución</b>  | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|--|--|-----------|----------|
| CA1.4 - Abordar criticamente os principais temas clave da historia e da actualidade, a través da aproximación ás principais correntes historiográficas e aos usos que se fan da historia, valorando criticamente os principais proxectos sociais, políticos e culturais que tiveron lugar na historia contemporánea desde a perspectiva ética contida na Declaración Universal dos Dereitos Humanos.   | Recoñece por medio de diferentes fontes históricas como a barbarie e a destrución abriron as portas aos dereitos humanos.                |           |          |
| CA2.2 - Tomar conciencia do grao de violencia, barbarie e destrución alcanzado polos conflitos ocorridos no mundo contemporáneo, así como das causas das conflagracións bélicas e das múltiples transformacións que se producen nos contendentes, a través do emprego de fontes históricas fiables e do uso de datos contrastados, valorando o impacto social e emocional que supón o uso da violencia e o papel das institucións internacionais que velan pola paz e a mediación. | É capaz de valorar por medio dunha proba escrita de modo satisfactorio e suficiente as causas e consecuencias da segunda guerra mundial. | PE        | 80       |
| CA2.3 - Describir a evolución dos conceptos de igualdade e de cidadanía na historia contemporánea e as súas derivacións sociais e políticas, a través da análise multicausal dos principais sistemas políticos e sociais dos séculos XIX e XX, identificando as desigualdades e a concentración do poder en determinados grupos sociais.   | Explica e interpreta grazas a diferentes fontes principalmente históricas quen son as principais vítimas da guerra: a poboación civil.   |           |          |
| CA2.4 - Comprender a importancia das identidades colectivas na configuración social, política e cultural do mundo contemporáneo, identificando as súas múltiples valencias, mediante a análise crítica de textos históricos e historiográficos e de fontes de información actual, elaborando argumentos propios que contribúan a un diálogo construtivo respecto diso.   | Describe mediante producións bibliográficas e testemuñas da época que actitudes adoptou a poboación civil ante a ocupación nazi.         | TI        | 20       |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores



## Contidos

- Conciencia e memoria democrática: coñecemento dos principios e normas constitucionais, exercicio dos valores cívicos e participación cidadá. Coñecemento e respecto aos principios e normas da Declaración Universal dos Dereitos Humanos. A memoria democrática no marco do dereito internacional humanitario: verdade, xustiza, reparación e garantía de non repetición.
- Militarización e carreira armamentística. Diplomacia da ameaza e da disuasión: acordos, alianzas e bloques. O mundo en guerra: as guerras mundiais e os grandes conflitos internacionais. A Guerra Civil española, a súa internacionalización e o exilio republicano español. O holocausto e outros xenocidios e crimes de lesa humanidade na historia contemporánea.
- Acción colectiva, movemento de masas e liderado político no século XX: nacemento e funcionamento dos réximes democráticos e totalitarios. Fascismo, nazismo, estalinismo e outros movementos autoritarios nos séculos XX e XXI.
- Organismos e institucións para a paz: da Sociedade de Nacións á Organización das Nacións Unidas. A inxerencia humanitaria e a xustiza universal.

| UD | Título da UD                   | Duración |
|----|--------------------------------|----------|
| 10 | A división do mundo en bloques | 10       |

| Craterios de avaliación  | Mínimos de consecución  | IA | %  |
|--|---|----|----|
| CA2.2 - Tomar conciencia do grao de violencia, barbarie e destrución alcanzado polos conflitos ocorridos no mundo contemporáneo, así como das causas das conflagracións bélicas e das múltiples transformacións que se producen nos contendentes, a través do emprego de fontes históricas fiables e do uso de datos contrastados, valorando o impacto social e emocional que supón o uso da violencia e o papel das institucións internacionais que velan pola paz e a mediación. | Identifica correctamente os principais conflitos da Guerra Fría e as súas causas e consecuencias.                                   | PE | 80 |
| CA2.3 - Describir a evolución dos conceptos de igualdade e de cidadanía na historia contemporánea e as súas derivacións sociais e políticas, a través da análise multicausal dos principais sistemas políticos e sociais dos séculos XIX e XX, identificando as desigualdades e a concentración do poder en determinados grupos sociais.   | Distingue e diferencia a través de diferentes fontes primarias e secundarias as sociedades capitalistas e as sociedades comunistas. |    |    |
| CA3.5 - Comparar os distintos sistemas económicos que se desenvolveron no mundo contemporáneo, a través da súa análise multidisciplinaria e das doutrinas e teorías das que derivan, identificando as relacións de subordinación e de dependencia e os conflitos que xeran, tanto no ámbito nacional como internacional, e xustificando a necesidade do acceso universal aos recursos básicos.   | Contrasta por medio de diversas fontes a caída do bloque soviético e o fin da guerra fría.  |    |    |

| <b>Criterios de avaliación</b>   | <b>Mínimos de consecución</b>   | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|--|---|-----------|----------|
| CA2.4 - Comprender a importancia das identidades colectivas na configuración social, política e cultural do mundo contemporáneo, identificando as súas múltiples valencias, mediante a análise crítica de textos históricos e historiográficos e de fontes de información actual, elaborando argumentos propios que contribúan a un diálogo construtivo respecto diso. | Recoñece e explica mediante a análise crítica de textos históricos e historiográficos a loita polos dereitos civís fronte á segregación racial. | TI        | 20       |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| <b>Contidos</b>   |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Acción colectiva, movemento de masas e liderado político no século XX: nacemento e funcionamento dos réximes democráticos e totalitarios. Fascismo, nazismo, estalinismo e outros movementos autoritarios nos séculos XX e XXI.</li> <li>- Transicións políticas e procesos de democratización nos séculos XX e XXI. A memoria democrática.</li> <li>- Niveis, condicións e modos de vida nas sociedades contemporáneas: grupos, clases sociais e desigualdade social. Clases medias e estado do benestar nas sociedades avanzadas.</li> </ul> |

| <b>UD</b> | <b>Título da UD</b>               | <b>Duración</b> |
|-----------|-----------------------------------|-----------------|
| 11        | Descolonización e neocolonialismo | 11              |

| <b>Criterios de avaliación</b>   | <b>Mínimos de consecución</b>   | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|--|---|-----------|----------|
| CA2.3 - Describir a evolución dos conceptos de igualdade e de cidadanía na historia contemporánea e as súas derivacións sociais e políticas, a través da análise multicausal dos principais sistemas políticos e sociais dos séculos XIX e XX, identificando as desigualdades e a concentración do poder en determinados grupos sociais.                               | É capaz de responder do modo satisfactorio e suficiente as causas da descolonización en Ásia, África.   | PE        | 60       |
| CA2.4 - Comprender a importancia das identidades colectivas na configuración social, política e cultural do mundo contemporáneo, identificando as súas múltiples valencias, mediante a análise crítica de textos históricos e historiográficos e de fontes de información actual, elaborando argumentos propios que contribúan a un diálogo construtivo respecto diso. | Describe por medio de textos e fontes de información actuáis como se produciron as primeiras independencias.  | TI        | 40       |
| CA3.3 - Analizar criticamente como se foron construíndo no tempo as identidades colectivas, empregando os conceptos e métodos do pensamento histórico, respectando a pluralidade e os sentimentos identitarios e valorando o legado histórico e cultural destas.   | Distingue o non aliñamento enmarcado dentro da conferencia de Bandung e analiza a independencia e o neocolonialismo empregando conceptos e métodos propios do pensamento histórico. |           |          |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| <b>Contidos</b> |
|-----------------|
|                 |

| <b>Contidos</b>   |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Transicións políticas e procesos de democratización nos séculos XX e XXI. A memoria democrática.</li> <li>- Movementos sociais en favor da igualdade de dereitos, do recoñecemento das minorías e contra a discriminación.</li> <li>- Valoración e respecto á diversidade social, étnica e cultural: tolerancia e intolerancia na historia do mundo contemporáneo. Defensa dos dereitos das minorías.</li> </ul> |

| <b>UD</b> | <b>Título da UD</b>            | <b>Duración</b> |
|-----------|--------------------------------|-----------------|
| 12        | A construción da Unión Europea | 11              |

| <b>Criterios de avaliación</b>  | <b>Mínimos de consecución</b>  | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|---|--|-----------|----------|
| CA2.1 - Entender o significado histórico das transicións políticas e dos procesos de democratización da Idade Contemporánea como fundamento e garantía para a convivencia e o exercicio dos dereitos fundamentais, valorando as implicacións que supoñen o exercicio da cidadanía activa e o respecto ao ordenamento constitucional, e xerando xuízos propios tanto con respecto ao cumprimento de aspiracións e expectativas como ás ameazas e riscos da vida en democracia. | Explica por medio de producións históricas os antecedentes do proxecto europeo e a súa posterior construción.  | PE        | 80       |
| CA2.3 - Describir a evolución dos conceptos de igualdade e de cidadanía na historia contemporánea e as súas derivacións sociais e políticas, a través da análise multicausal dos principais sistemas políticos e sociais dos séculos XIX e XX, identificando as desigualdades e a concentración do poder en determinados grupos sociais.  | Identifica os principais sistemas políticos da modernidade, as desigualdades da sociedade actual e os movementos sociais contrarios a este.                                  |           |          |
| CA2.4 - Comprender a importancia das identidades colectivas na configuración social, política e cultural do mundo contemporáneo, identificando as súas múltiples valencias, mediante a análise crítica de textos históricos e historiográficos e de fontes de información actual, elaborando argumentos propios que contribúan a un diálogo construtivo respecto diso.  | Interpreta o proxecto europeo ante os desafíos globais aos que se ten que enfrontar, por medio de fontes históricas actuais, da gran recesión económica ao conflito ucraíno. | TI        | 20       |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| <b>Contidos</b>  |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Procesos de integración rexional no mundo. A construción da Unión Europea, situación presente e desafíos de futuro. Alianzas internacionais para o logro dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible.</li> <li>- Transicións políticas e procesos de democratización nos séculos XX e XXI. A memoria democrática.</li> </ul> |

| UD | Título da UD         | Duración |
|----|----------------------|----------|
| 13 | Xeopolítica no mundo | 10       |

| Cráterios de avaliación  | Mínimos de consecución   | IA | %  |
|--|--|----|----|
| CA4.1 - Analizar os principais conflitos civís que se produciron na Idade Contemporánea, a través do emprego de textos historiográficos e a elaboración de xuízos argumentados, comprendendo a importancia da memoria histórica e do recoñecemento das vítimas, do principio de xustiza universal e do dereito á verdade, a reparación e a garantía de non repetición.   | Distingue e compara cales son as superpotencias actuais e como exercen o seu poder, configurando a nova orde internacional.                              | PE | 80 |
| CA4.4 - Xerar opinións argumentadas, debater e transferir ideas e coñecementos sobre a función que desempeñaron o pensamento e as ideoloxías na transformación da realidade, desde as orixes da Idade Contemporánea ata a actualidade, comprendendo e contextualizando os devanditos fenómenos a través do traballo sobre textos históricos e historiográficos e de fontes literarias, do cinema e outros documentos audiovisuais. | Crítica e discusión por medio de textos históricos, fontes literarias, audiovisuais como exercen as superpotencias a súa influencia nestes últimos anos. | TI | 20 |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos  |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Os conflitos fratricidas no mundo contemporáneo: pasados traumáticos e memoria colectiva. Recoñecemento, reparación e dignificación das vítimas da violencia.</li> <li>- A nova orde mundial multipolar: choques e alianzas entre civilizacións.</li> <li>- Ameazas rexionais e planetarias: terrorismo, crime organizado, radicalismos, ciberameazas e armas de destrución masiva.</li> <li>- Crise das ideoloxías e "fin da historia": a era do escepticismo e dos novos populismos.</li> <li>- Os retos das democracias actuais: corrupción, crise institucional e dos sistemas de partidos, tendencias autoritarias e movementos antisistema.</li> </ul> |

| UD | Título da UD             | Duración |
|----|--------------------------|----------|
| 14 | Os retos do mundo actual | 10       |

| Cráterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|-------------------------|------------------------|----|---|
|-------------------------|------------------------|----|---|

| Criterios de avaliación   | Mínimos de consecución   | IA | %  |
|---|--|----|----|
| CA4.3 - Identificar os principais retos do século XXI e a súa orixe histórica, a través da análise da interconexión entre diversos procesos políticos, económicos, sociais e culturais nun contexto global, argumentando a necesidade de adoptar comportamentos ecosocialmente responsables e orientados á sostibilidade do planeta, a defensa das institucións democráticas, a mellora do benestar colectivo e a solidariedade entre as xeracións presentes e futuras. | Define os novos movementos sociais, o novo contexto socioeconómico, as ideoloxías alternativas buscando información valéndose das TIC.   | PE | 70 |
| CA4.2 - Analizar criticamente o fenómeno histórico da globalización e a súa repercusión no ámbito local e planetario, valéndose do manexo de distintas fontes de información e dunha adecuada selección, validación, contraste e tratamento destas, previndo a desinformación e considerando o emprendemento, a innovación e a aprendizaxe permanente como formas de afrontar os retos dunha contorna económica, social e cultural en constante cambio.                 | Discusión mediante diversas fontes actuais a que nos enfrontamos neste xa entrado século XXI e a que retos se enfronta o planeta e a sociedade como protagonistas indiscutibles. | TI | 30 |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos  |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- O proceso de globalización no mundo contemporáneo e as súas implicacións na sociedade actual. Aglomeracións urbanas e desafíos no mundo rural.</li> <li>- A emerxencia climática e os seus desafíos no presente e no futuro.</li> <li>- Comportamento ecosocial: movementos en defensa do medio ambiente e ante a emerxencia climática. Compromiso cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible.</li> <li>- Cidadanía ética dixital: respecto pola propiedade intelectual. Participación e exercicio da cidadanía global a través das tecnoloxías dixitais. Prevención e defensa ante a desinformación e a manipulación.</li> <li>- Solidariedade e cooperación: os grandes desafíos que afectan o mundo e as condutas tendentes ao compromiso social, o asociacionismo e o voluntariado.</li> </ul> |

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía ten que ser variada e axeitada ás características e aos ritmos de aprendizaxe do alumnado, debe ser tamén activa e participativa, favorecendo o traballo individual e o colaborativo do alumnado, co fin de que os contidos se convertan en coñecementos aplicables con eficacia a situacións reais e aos estudos posteriores. Dado que as competencias clave están ligadas a un desempeño eficaz nun contexto determinado, as situacións de aprendizaxe deseñadas para o seu desenvolvemento nesta materia de Hª do Mundo Contemporáneo, incorpora tarefas que contextualizan as aprendizaxes e que permiten avanzar en máis dunha competencia ao mesmo tempo. Será unha metodoloxía dirixida a implicar ao alumnado na aprendizaxe para que adquiran as habilidades que lles permitan construír os seus propios esquemas explicativos para comprender o mundo no que viven, construír a súa propia identidade, que poidan interactuar en situacións variadas e para que continúen aprendendo.

En definitiva, na aula combinarase a explicación teórica por parte do profesorado á hora da presentación da problemática xeral dos procesos e realidades a explicar (mapas conceptuais, fotografías, presentacións, vídeos, textos, mapas, gráficas, estatísticas) cunha metodoloxía baseada no sistema de reconstrución, é dicir, o alumnado elaborará os contidos a partir dos materiais de traballo (libro de texto ou os materiais diversos proporcionados/apuntados polo profesorado) nunha tarefa cotiá dirixida e orientada polo profesorado. Con isto intentarase evitar unha excesiva memorización de contidos, pero sen renunciar, como complemento, a unha

aprendizaxe significativa.

Pola súa parte, o profesorado despreparará os recursos didácticos necesarios que permitan desenvolver os contidos propios da materia, relacionados coas competencias clave e cos criterios de avaliación, para poder acadar así os obxectivos do currículo. O profesorado deberá buscar situacións próximas ao alumnado para que este poida aplicar en diferentes contextos os contidos dos saberes básicos que conforman cada unha das competencias clave. Creará contextos e situacións que representen retos para o alumnado, que os invite a cuestionarse os seus saberes actuais, que os obrigue a ampliar a súa perspectiva e a contrastar o seu parecer, a xustificar e a interpretar con rigor. Para poñer en práctica o dominio dos contidos básicos das Ciencias Sociais o alumnado levará a cabo traballos de investigación de maneira individual ou grupal.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación                                 |
|--|
| Libro de texto                               |
| Apuntamentos docente                         |
| Blog docente                                 |
| Aula virtual do centro                       |
| Portfolio do alumnado                        |
| Fichas fotocopiáveis                         |
| Presentacións interactivas por medio de apps |
| Material audiovisual                         |
| Novelas históricas, novelas gráficas         |

Para a práctica e desenvolvemento na aula contamos cunha grande diversidade de recursos perfectamente utilizables para cada momento didáctico ou metodoloxía a empregar.

O libro de texto é un apoio para o profesorado e para o alumnado xa que aglutina todas as unidades que se van traballar ao longo do curso e tamén ofrece diversas e numerosas actividades a desenvolver. Non obstante, débese ter en conta que non debe determinar a función do docente nin a súa metodoloxía, polo que o profesorado, como profesional que é, determinará e xestionará o seu uso. Ademais do libro de texto empregárase material complementario, elaborado por docentes, que se acomode aos diferentes ritmos de aprendizaxe que se poden dar na aula. Así mesmo, o profesorado utilizará o seu propio blog didáctico a través do cal pode facer propostas de traballo (visualizar vídeos, comentar textos...) así como presentacións interactivas feitas por medio de apps.

O alumnado pode utilizar o seu portafolio de traballo, que será observado e avaliado polo profesorado. Logo están os recursos que se ofrecen a través da Aula Virtual, utilizada como repositorio de contidos avaliábeis.

As novelas históricas e gráficas serán tratadas como apoio aos contidos dunha forma lúdica. A gamificación por medio de cuestionarios (Kahoot, Quizz), daralle un punto divertido e lúdico ao ensino-aprendizaxe.

Empregaranse diferentes materiais, cada vez máis relacionados coas TIC, buscando unha maior diversificación, para dar cobertura aos diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial realizarase nos primeiros días de clase, destinada a comprobar a capacidade de expresión, corrección formal, análise, coherencia expositiva e coñecementos previos.

A proba inicial ou diagnóstica realizarase ao comezo de cada Unidade Didáctica coa finalidade de saber os coñecementos previos que ten o alumnado sobre o tema que se vai abordar para, a partir deles, seguir construíndo os seus saberes.

Outra das vantaxes da avaliación inicial é a de ofrecer información adicional sobre o punto de partida do alumnado cara o tema que se vai a comezar a traballar, permitindo concretar os contidos que suscitan maior interese ou que se descoñecen totalmente. Ademais nos posibilita definir a didáctica e metodoloxía para abordar a unidade e chegar aos distintos ritmos de aprendizaxe.

Outro aspecto importante destas probas diagnósticas é que permiten detectar as posibles confusións e incorreccións que o alumnado ten sobre os contidos a tratar e que precisan aclaración e rectificación.

Dita proba inicial realizarase dependendo de cada unidade, pero en liñas xerais consistirá na elaboración de cuestionarios, test, brainstorming, debates, visionados de material audiovisual.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

| Unidade didáctica           | UD 1     | UD 2     | UD 3     | UD 4     | UD 5     | UD 6     | UD 7     | UD 8     | UD 9     | UD 10    |
|-----------------------------|----------|----------|----------|----------|----------|----------|----------|----------|----------|----------|
| <b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>   | <b>8</b> | <b>6</b> | <b>7</b> | <b>8</b> | <b>5</b> | <b>9</b> | <b>6</b> | <b>7</b> | <b>8</b> | <b>9</b> |
| <b>Proba escrita</b>        | 80       | 100      | 70       | 100      | 80       | 100      | 60       | 80       | 80       | 80       |
| <b>Táboa de indicadores</b> | 20       | 0        | 30       | 0        | 20       | 0        | 40       | 20       | 20       | 20       |

| Unidade didáctica           | UD 11    | UD 12    | UD 13    | UD 14    | Total      |
|-----------------------------|----------|----------|----------|----------|------------|
| <b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>   | <b>8</b> | <b>5</b> | <b>9</b> | <b>5</b> | <b>100</b> |
| <b>Proba escrita</b>        | 60       | 80       | 80       | 70       | <b>81</b>  |
| <b>Táboa de indicadores</b> | 40       | 20       | 20       | 30       | <b>19</b>  |

### Criterios de cualificación:

Nas unidades didácticas establece o peso orientativo que se lle da aos instrumentos de avaliación e en todas elas o peso da cualificación recae maiormente nas probas escritas (80%) que se complementan con diferentes traballos e demais elaboracións xunto co portfolio do alumnado. Para a cualificación dos traballos empregaranse as rúbricas facéndose a media do valor dado ás categorías da rúbrica.

A probas escritas puntuaranse nunha escala de 1 a 10 e consistirán na contestación dunha serie de preguntas de diverso formato, por exemplo, poden ser de desenvolver, curtas ou tipo test; de relacionar conceptos; de identificar e comentar imaxes; de definir termos; etc. Sempre se especificará o valor de cada pregunta, entendendo que se está contestada correctamente levará a puntuación máxima pero, de non ser así, a puntuación diminuirá en consecuencia cuns criterios obxectivos que o docente debe ter previamente fixados. Finalmente a cualificación do exame será o resultado da suma total da puntuación acadada en cada cuestión.

A táboa de indicadores comprenderá todas as tarefas e aspectos procedimentais que se encomenden ao alumnado

que poden ser traballos escritos; informes e redaccións; presentacións en ordenador; cadernos e cartafol; resumos; pósters; exposicións orais, etc. Para a corrección destes traballos empregaranse as rúbricas adaptadas a cada tarefa entre as que figurará unha que recolla a actitude e implicación do/da alumno/a no traballo, deste xeito considérase o interese como aspecto a valorar.

Unha vez realizadas as operacións, aplicarase o redondeo tendo en conta que cando o decimal é superior a 5 o redondeo irá á alza e, pola contra, se é inferior, irá á baixa. A avaliación estará aprobada cando a cualificación sexa 5 ou superior. Se o docente observa que o alumno ou alumna aprobou a avaliación pero ten algunha parte ou tema pouco afianzado, poderá poñerlle algún traballo de reforzo. No caso de resultar unha avaliación negativa levarase a cabo un plan de recuperación.

### **Criterios de recuperación:**

En canto aos criterios de recuperación determínase un 80% para as probas escritas ao que se lle aplicará, en consecuencia, e sumará o 20% dos outros indicadores xa valorados nas diferentes avaliacións. Se o profesorado o considera oportuno deberá presentar, obrigatoriamente as actividades de reforzo que se lle entreguen.

Os traballos propostos serán titorizados polo docente para aclarar as dúbidas que se lle presenten ao alumnado e para facer o seguimento da realización do mesmo.

As probas escritas faranse por trimestre, e puntuaranse sobre dez e figurando o seu valor en cada pregunta.

Se o alumnado ten cualificadas negativamente dúas avaliacións, realizará ao final de curso unha proba global que incluírá toda a materia do curso, aplicándolle os mesmos criterios de recuperación xa aplicados en cada trimestre.

### **5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

Aplicaranse medidas de reforzo, se o considera o docente, naqueles casos nos que se detecte que non se acadaron os obxectivos establecidos ou ben que existen dificultades que impiden o progreso do alumnado. En tal caso propoñeranse actividades que permitan unha recuperación axeitada, así como abordar os contidos de maneira diferente.

A criterio do docente correspondente poderanse indicar as actividades a realizar para mellorar a cualificación naquel alumnado que non acade o 5.

Aquel alumnado que teñan pendente a materia de Xeografía e Historia de cursos anteriores:

Realizarán un boletín de actividades nas que se traballarán os contidos mínimos a acadar para una avaliación positiva.

Realizaranse dúas probas parciais en xaneiro e maio.

Dentro de cada parcial a cualificación será: valoración de ata un 30% do boletín de actividades realizado, e 70% a cualificación da proba parcial.

Pode aprobarse a materia por parciais:

-Aprobando ambos parciais ao obter un 5 como mínimo en cada un deles.

Aquel alumnado que non acadasen deste xeito os contidos mínimos esixidos e, polo tanto, non aprobasen a materia, poderán realizar no mes de maio, e se é necesario na convocatoria extraordinaria, unha proba final na que entrarán todos os contidos. Estas probas terán unha estrutura idéntica ás probas escritas realizadas durante o curso.

### **6. Medidas de atención á diversidade**

As vixentes disposicións e normas indican, tamén no bacharelato, que se debe dar un tratamento específico ao alumnado que, polas súas circunstancias, o precisen e, polo tanto, facer as adaptacións curriculares necesarias.

En cada unidade propónse unha asimilación progresiva, de menor a maior dificultade, dos conceptos, termos e procesos históricos estudados.



O profesorado seleccionará de entre todos os contidos os que mellor se adapten ao nivel do seu alumnado. O proceso de avaliación servirános tamén para facer o tratamento diferenciado ao alumnado. Utilizando as diferentes actividades propostas nesta programación, descubriremos as carencias e deficiencias fundamentais e, por conseguinte, propoñeremos as tarefas axeitadas para alcanzar os obxectivos específicos adecuados a cada alumno.

En xeral, procurarase proporcionar ao alumnado, para os contidos de maior dificultade:

- Esquemas e/ou sínteses cos conceptos fundamentais.
- Actividades con diferentes graos de profundización.
- Páxinas de referencia para resolver dúbidas e/ou ampliar coñecementos.

Para o alumno con NEAE por altas capacidades intelectuais, estableceranse actividades de enriquecemento curricular para realizar na aula, as cales podrán puntuar hasta 1,00 puntos extra sobre a avaliación trimestral (0.9 pola calidade das actividades e 0.1 por estrutura, claridade e limpeza das mesmas).

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

|   | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 |
|---|------|------|------|------|------|------|------|------|
| ET.1 - Comprensión lectora e expresión oral e escrita | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.2 - Comunicación audiovisual                       | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.3 - Competencia dixital                            | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.4 - Emprendemento social e empresarial             |      | X    |      |      | X    |      |      |      |
| ET.5 - Fomento do espírito crítico e científico       | X    |      | X    | X    |      | X    | X    | X    |
| ET.6 - Educación emocional e en valores               |      |      |      |      | X    | X    | X    | X    |
| ET.7 - Igualdade de xénero                            |      | X    | X    |      |      |      | X    | X    |
| ET.8 - Creatividade                                   |      | X    |      |      | X    | X    | X    |      |

|   | UD 9 | UD 10 | UD 11 | UD 12 | UD 13 | UD 14 |
|---|------|-------|-------|-------|-------|-------|
| ET.1 - Comprensión lectora e expresión oral e escrita | X    | X     | X     | X     | X     | X     |
| ET.2 - Comunicación audiovisual                       | X    | X     | X     | X     | X     | X     |
| ET.3 - Competencia dixital                            | X    | X     | X     | X     | X     | X     |
| ET.4 - Emprendemento social e empresarial             |      |       |       |       |       | X     |
| ET.5 - Fomento do espírito crítico e científico       | X    | X     | X     |       | X     | X     |
| ET.6 - Educación emocional e en valores               | X    |       | X     | X     | X     |       |

|                            | UD 9 | UD 10 | UD 11 | UD 12 | UD 13 | UD 14 |
|----------------------------|------|-------|-------|-------|-------|-------|
| ET.7 - Igualdade de xénero |      |       | X     |       |       |       |
| ET.8 - Creatividade        | X    |       | X     |       |       | X     |

#### Observacións:

Serán traballados todos os elementos transversais, en especial a comprensión lectora e a expresión oral e escrita pois o alumnado vai ter que ler en diferentes formatos e redactar resumos, opinións, textos, comentarios históricos.

A comunicación audiovisual será aproveitada en todas as unidades pois servirán de apoio á práctica docente.

O resto dos elementos transversais tamén serán abordados en maior ou menor medida en case todas as unidades.

O emprendemento tamén se considera importante por canto se pretende que o alumnado realice propostas e promova unha actitude proactiva e participativa.

Importante na materia de Historia será a educación emocional e en valores como actitude do alumnado na aula de respecto e tolerancia.

## 7.2. Actividades complementarias

| Actividade                     | Descrición  | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|--------------------------------|---|----------|----------|----------|
| Visitas a exposicións e museos | Actividade complementaria programada ao inicio do curso |          |          |          |
| Viaxes culturais               | Actividade complementaria programada ao inicio do curso |          |          |          |
| Roteiros históricos            | Actividade complementaria programada ao inicio do curso |          |          |          |

#### Observacións:

Todas as actividades complementarias e extraescolares están definidas e programadas para enriquecer o proceso de ensino-aprendizaxe do alumnado, polo tanto están consensadas a nivel de departamento didáctico e pensadas para lograr un aproveitamento didáctico diferente fóra das aulas.

Estas actividades están definidas a través de tres fases:

-Primeira fase: preparación na aula previa á saída da UD correspondiente.

-Segunda fase: a visita programada e organizada, o disfrute da actividade.

-Terceira fase: avaliación e comprobación dos saberes adquiridos por medio da actividade.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro              |
|-----------------------------------|
| Realiza avaliación inicial        |
| Demostra o coñecemento da materia |
| Planifica, ensina e avalía        |

|   |
|---|
| Avalía según os criterios de avaliación da programación   |
| Emprega unha grande variedade de recursos   |
| Consigue motivar ao alumnado: as actividades foron variadas e motivadoras   |
| As explicacións son axeitadas ao grupo clase  |
| Ofrece posibilidades de recuperación  |
| Atende e resolve as dúbidas   |
| A práctica docente é innovadora   |
| Revisa a realización das tarefas  |
| Valoración da materia: 1. Os obxectivos están ben formulados 2. A selección e temporalización dos contidos é axeitada 3. Os criterios de avaliación e cualificación son claros 4. Empregáanse diferentes instrumentos de avaliación |

### Descrición:

A práctica do proceso do ensino e a práctica docente realizárase por medio de rúbricas e táboas con niveis de indicadores de logro cunha escala de valoración que irá de Aceptable, Boa e Mellorable. Este cuestionario-rúbrica será proporcionado ao alumnado ao finalizar cada avaliación. Para a valoración do proceso de ensino, dispórase dun cuestionario de autoavaliación sobre a programación cos indicadores de logro que serán valorados nunha escala de 1 a 10.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A avaliación da presente programación supón o seu seguimento a través da aplicación Proens por períodos de avaliación por parte do profesorado que impartan as diversas materias e nas reunións mensuais do departamento. Nas reunións de departamento se analizará o grao de cumprimento dos obxectivos programados e as dificultades atopadas e poderanse introducir as medidas correctoras que se estimen oportunas. Todos os problemas detectados teranse en conta na Memoria Final para introducir as modificacións precisas na programación do vindeiro curso. Para avaliar a programación teranse en conta os seguintes criterios:

- Consecución de obxectivos: Capacitación progresiva do alumnado nas competencias básicas.
- Evolución progresiva do alumnado na comprensión dos fenómenos histórico-artísticos e dos seus factores multicausais
- Evolución progresiva no coñecemento e manexo das técnicas de estudio propias das Ciencias Sociais.
- Progresiva asimilación de valores e actitudes propios dunha sociedade plural, solidaria e democrática.
- Progresiva adquisición de autonomía no proceso de aprendizaxe: obtención, selección e contraste da información obtida.
- Contribución ao desenvolvemento das competencias dixital e competencia para aprender a aprender.
- Progresiva evolución nas técnicas de lectura comprensiva e de expresión, necesarias para un discurso intelixible e minimamente coherente.
- Adecuación dos obxectivos ao nivel académico do grupo detectado na avaliación inicial.
- Adecuación dos contidos programados e da súa secuenciación ou temporalización prevista.
- Neste aspecto terase en conta a normativa vixente que considera conforme a programación se se cumpre ao menos un 75% dos contidos programados ao principio do curso, se non hai unha desviación na programación por avaliación máis aló dun 20% dos contidos programados ou incluso, nestes casos, cando as razóns sexan de carácter externo e/ou non imputables ao departamento.
- Validez das estratexias metodolóxicas empregadas para a adquisición dos novos contidos.

## 9. Outros apartados